

INSTRUCCIÓN CONXUNTA DA DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E FONDOS E DA DIRECCIÓN XERAL DE ORZAMENTOS RELATIVA Á TRAMITACIÓN DOS EXPEDIENTES DE PAGAMENTO AOS BENEFICIARIOS DOS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN TERRITORIAL 2007-2013

No novo período de programación dos Fondos Europeos 2007-2013 un dos obxectivos prioritarios é a “Cooperación Territorial Europea”, destinada a reforzar a cooperación transfronteiriza, transnacional e interrexional.

Galicia, como beneficiaria de proxectos enmarcados neste obxectivo, participa nos seguintes programas:

- Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España – Portugal - POCTEP
- Espacio Atlántico
- Espacio SUDOE
- INTERREG IV C

Para os efectos de establecer o procedemento de tramitación dos expedientes orzamentarios correspondentes a estes programas, dítanse as seguintes instrucións:

Primeira

Con carácter xeral, aos beneficiarios dos proxectos aprobados (beneficiarios e beneficiarios principais) dotaráselles do importe correspondente á axuda comunitaria, debendo achegar os mesmos o conфинanciamento de fondos propios correspondentes.

Segunda

Cando os beneficiarios sexan organismos autónomos, sociedades e axencias públicas autonómicas, fundacións e consorcios, como beneficiarios ou beneficiarios principais, dalgún proxecto destes programas, consignarásese o importe da contribución europea ademais de nestes, na consellería da que reciban as transferencias correntes e de capital.

Terceira

Unha vez asinado o Acordo de Colaboración entre o Beneficiario Principal e a Autoridade de Xestión, o beneficiario da axuda poderá solicitar da Consellería de Facenda:

- a) **Adscricións de crédito:** Polo que se refire ao programa POCTEP, no orzamento inicial da Comunidade Autónoma para 2009, e na aplicación 23.02.722A.650.0, consignouse o importe total da axuda prevista inicialmente, por un importe de 15.023.038,00 € sendo o importe aprobado finalmente para os socios da Xunta de 13.205.917,60 €

As consellerías beneficiarias de tales axudas deberán solicitar da Dirección Xeral de Orzamentos a adscrición do crédito correspondente á anualidade 2009 e, de ser o caso, á anualidade 2008.

- b) **Xeración de crédito:** As restantes programacións non están incluídas nos orzamentos da Comunidade Autónoma para 2009, polo que os órganos beneficiarios das axudas deberán solicitar da Consellería de Facenda o recoñecemento do compromiso de ingreso e a correspondente xeración de crédito.

En ámbolos dous casos, os beneficiarios das axudas deberán achegar os fondos propios que cofinancian, para o que solicitarán simultaneamente coa adscrición ou xeración de crédito, a transferencia de crédito ou o movemento interproxectos, segundo proceda.

Cuarta

Os reembolsos correspondentes á axuda comunitaria aprobada e certificada polos beneficiarios deberán ingresarse na conta da Xunta de Galicia:

BANCO DE ESPAÑA – A Coruña. C/ Durán Loriga. Código Postal 15003

IBAN ES14 9000 0022 1003 5000 0022

Titular Xunta de Galicia NIB 9000 0022 1003 5000 0022 SWIFT ESP BESMM

En cada unha das certificacións que se presenten deberá figurar a conta arriba indicada, do Banco de España

En consecuencia, os beneficiarios que deron un número de conta diferente deberán comunicar o cambio de conta a esta Dirección Xeral de Planificación e Fondos, nun prazo máximo de quince días, desde a recepción desta instrución.

Así mesmo, comunicaráselle á Dirección Xeral de Planificación e Fondos os cambios que se produzan nos datos dos beneficiarios:

- Nome ou identificación social da institución e/ou departamento responsable
- Nome e datos do representantes
- Nome e datos da persoa de contacto ou responsable do proxecto

Santiago de Compostela, 1 de xullo de 2009

O director xeral de Planificación e Fondos

O director xeral de Orzamentos

Francisco Javier Rodríguez Seijo

Miguel Corgos López-Prado